


PLAN TIC



Ceip Condessa de Fenosa
O Barco de Valdeorras
(Ourense)

INDICE

<u>Contextualización e xustificación do proxecto</u>	3
<u>Obxectivos do plan TIC</u>	5
<u>Aplicación das TIC á docencia</u>	7
<u>Relación das TIC coas diferentes áreas do currículo</u>	9
<u>As TIC no tratamento da diversidade</u>	13
<u>As TIC na biblioteca</u>	14
<u>Repercusións organizativas do profesorado, dos espazos e recursos</u>	17
<u>Avaliación</u>	18
<u>ANEXO 1: Protocolo de emprego das aulas abalar</u>	19
<u>ANEXO 2: Protocolo de emprego da aula de informática</u>	24
<u>ANEXO 3: Protocolo de emprego do uso dos ordenadores da sala de recursos para mestres.</u>	26

I- CONTEXTUALIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

O desenvolvemento do Plan TIC está fundamentado no seguinte marco legislativo:

1-**Lei Orgánica 2/2006** de 3 de maio, de Educación nos seus artigos 17.i), 19.2 e 23.e)

2-**Decreto 130/2007** do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade autónoma de Galicia, tanto no artigo 6.5 como no anexo V.

3-**Decreto 330/2009** do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade autónoma de Galicia, no artigo 3º e nos anexos I e II.

4-**Orde de 17 de xullo de 2007** pola que se regula a percepción do compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.

Contexto:

O Ceip condesa de Fenosa é un centro situado na comarca de Valdeorras, na localidade do Barco. O noso alumnado é principalmente urbano, aínda que sexamos o centro que acolle aos alumnos transportados das aldeas do concello, pero por mór da perda de habitantes destes núcleos, a súa importancia numérica descendeu nestes últimos anos.

Na actualidade, a maioría do alumnado conta cun ordenador na casa, e un gran número deles, tamén teñen acceso a Internet o que non é indicativo de que o alumnado faga un uso responsable das novas tecnoloxías.

O noso colexio a aposta polas novas tecnoloxías hai que retrotraela a hai case 20 anos, cando se comezou coa introdución das TICs. Nun principio só existía unha aula con 6 ordenadores que se empregaba como apoio nas aulas de distintas materias. Logo, progresivamente vanse introducindo na xestión administrativa, e xérase o embrión dunha aula de informática con 15 postos e acceso á internet mediante unha conexión de pago.

En anos sucesivos, e tanto por achegas da xunta e dos orzamentos do propio colexio, acadamos unha aula de ordenadores con 25 postos e encerado dixital, dotación administrativa (secretaría, orientación, dirección, biblioteca), sala de recursos para mestres con 5 ordenadores, 3 impresoras(unha delas de cor) e un escáner a máis de dotar a cada aula de Primaria cun ordenador e unha pizarra dixital así como dun ordenador por aula en Infantil e tamén para as aulas de PT e AL.

Hai que subliñar que no centro existen na actualidade 4 aulas Abalar (no 3º ciclo de Educación Primaria) cun ordenador portátil para cada neno/-a así como un carro de carga.

Tamén existe unha dotación informática para a biblioteca consistente nun ordenador de sobremesa para a xestión dos fondos e catro ordenadores para uso do alumnado nas súas procuras de información así como un ordenador a maiores conectado a un canón de video.

Hai que reparar en que moitos destes aparatos aos que se fai referencia resultan case obsoletos pola súa lentitude, escaseza de memoria, avarías..., e que está na mente de tod@s traballarmos para a súa renovación.

Aparte dos elementos materiais, os ordenadores, o profesorado do centro ten traballado arreo para actualizarse no traballo coas novas tecnoloxías, e boa mostra son as múltiples actividades de formación que se lle teñen adicado, tanto en modalidades formativas dentro do propio centro como nas artelladas encol do CEFORE do Barco.

Subliñaríamos fundamentalmente destes cursos que sinalabamos os seguintes:

x **Actividades Clic:** PFC no que aprendemos as entrañas do programa Clic 3,0, traballando na tradución de paquetes de actividades, e aprendendo a

programación de paquetes novos deseñados por nós mesmos de acordo coas nosas necesidades educativas.

x **Webs Educativas:** PFC no que se elaboraron unhas webs axeitadas aos distintos niveis do alumnado do centro, nas que se tratou o tema do corpo humano, e que, anos máis tarde unha vez que puidemos dispor dun espazo web, colgamos na páxina do colexio como recurso a partillar na rede. Tamén se realizou outro grupo ao ano seguinte no que se deseñou unha web para a biblioteca do centro, aínda que non se colgou daquela ao non dispor de espazo web.

x **Jclics:** Seguindo a renovación do programa Clic a un entorno baseado en Java, tamén nós quixemos actualizar a nosa formación realizando un novo curso de programación e manexo desta interesante ferramenta de autor.

x **Webquests:** Comezamos, preocupados pola alfabetización informacional do noso alumnado, coa preparación dunha serie de webquests relacionadas co coñecemento do noso entorno e en relación á preparación das visitas escolares establecidas na nosa programación. Ao modelo clásico das webquests engadimos algún ingrediente nosos, relacionadas coa autoavaliación do alumnado.

x **Encerado dixital:** Dende que o noso centro foi dotado con esta ferramenta dixital, foron varios os cursos celebrados coa fin de capacitar ao profesorado, tanto na aplicación didáctica da mesma como na elaboración de actividades cos programas específicos de Smart.

x **Formación Abalar:** A incorporación do centro ó proxecto Abalar, fixo necesario que o profesorado recibise formación axeitada para levalo a cabo.

x **Blogues:** Unha minoría do profesorado asistiu a cursos de formación sobre blogues.

Como resultado destas actividades temos realizados materiais que nos teñen sido de gran axuda no desenvolvemento do noso labor, así como na adquisición do alumnado das competencias dixital.

x **Web do Colexio:** Nacida tras o curso de webs educativas, que nos forneceu da capacidade básica, deseñamos unha web na que informamos das novidades do centro, das súas características, na que expoñemos os documentos que imos elaborando e que conforman a nosa identidade.

x **Web da Biblioteca:** A biblioteca, como se sinalou nun apartado anterior, contou cun proxecto de web bastante antes de que o colexio contase con páxina de seu. Pero cando acadamos da UAC un espazo para xestionar a nosa páxina, decidimos de inmediato actualizar o traballo que tiñamos realizado e colgalo conxuntamente coa páxina xeral do colexio.

x **Blogues do centro:** Biblioteca, aula de música, ensino infantil e ensino de Primaria sen esquecer do blogue do Departamento de Orientación e o de Abalar.

Comezou a funcionar o blogue da biblioteca como voceiro dos clubs de lectura e como relatorio das novidades relacionadas coa biblioteca. Logo da súa posta en marcha, xa se realizaron os blogues das diferentes aulas dende infantil ata primaria.

x **Webquests e Procuras do Tesouro:** Como xa se indicou téñense realizado algunhas webquests aínda que non estamos moi satisfeitos cos resultados, pois si ben resultan moi interesantes son excesivamente difíciles.

x **Tutoriais de uso da Web** realizados con Wink tentan optimizar, polo de agora, as procuras en Google e a wikipedia.

x **Wikis:** A raíz dun proxecto documental creado para todo o centro, créanse Wikis relativas á temática do dito proxecto.

Tamén resulta interesante resaltar os cambios que nos últimos tempos se teñen realizado no que atinxe á integración das TIC na vida cotián do centro. Así sinalar como a xestión do centro, avaliacións, comunicacións de claustro, as comunicacións

coa administración tanto educativa como local, informes de orientación, presupostos, contas, xestión da biblioteca, horarios... se realizan dun xeito natural no marco das TIC.

Posibilidades:

1. Existencia dun grupo bastante alto de profesorado que fai uso das ferramentas informáticas.
2. Progresivo aproveitamento dos recursos web que ofrece o centro (menús, escolmas fotográficas das festividades escolares, exposición de traballos escolares...)
3. Actitude moi positiva cara ás actividades de formación por parte do profesorado
4. Centro pertencente ó proxecto Abalar, co que se garante unha dotación e formación que non se había ter doutro xeito.

Limitacións:

1. Os mestres actúan aproveitando as ofertas da rede pero sen se converter en autores das actividades, aínda que xa hai quen se está aventurando a crear as súas propias.
2. Descoñecemento do manexo dalgunhas ferramentas básicas (tratamento de imaxe, edición web ou creación de actividades)
3. Dificultades no mantemento dos equipos e sistemas informáticos
4. En moitos dos fogares, non hai un uso axeitado das novas tecnoloxías xa que son empregadas máis de forma lúdica e non tanto educativa.

Conclusións:

1. Para un uso efectivo das posibilidades educativas das TICs os Mestres deberemos pasar de ser consumidores de programas, esculcadores na rede, para sermos creadores das nosas tarefas. Webquests, procuras do tesouro e wikis deberán ser ferramentas de uso cotián. Tamén se deberá capacitar ao profesorado na elaboración de exercicios para o alumnado empregando ferramentas de autor como LIM, Jcllic, hot potatoes etc... así como na elaboración de presentacións de diapositivas, ferramenta que tamén deberá dominar o alumnado.
2. Tamén se deberá promover o uso dos blogues como animadores da dinámica da aula e o emprego da plataforma moodle, sobre todo de cara ao alumnado da 3º etapa para capacitalos nas técnicas do elearning.
3. Todo isto supón esforzos na formación que deberá tender cara a realización de proxectos de formación en centros, constitución de grupos de traballo, asistencia a formación específica, e en resumo, un importante esforzo de actualización por parte do profesorado.
4. A nivel técnico deberíanse renovar unha boa parte dos ordenadores dalgunhas aulas, pouco menos que obsoletos, e incrementar a dotación, procurando un currunchito informático en cada aula con cando menos 2 postos e ampliar o número de pizarras dixitais abarcando tamén as aulas de Infantil.
5. Deberemos procurar incentivar o uso didáctico dos ordenadores tamén nos fogares, animando aos pais/nais e titor@s a pescudar na rede informacións canda @s fill@s, a visitar a páxina do colexio, os blogues de aula, a realizar as actividades de formación que alí se propoñen, etc...

II- OBXECTIVOS DO PLAN TIC

Xerais

- 1-Fomentar o uso dos medios informáticos como xeito de rachar coas desigualdades sociais.

- 2-Potenciar o emprego das TIC como ferramentas de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.
- 3-Favorecer o perfeccionamento do profesorado e a súa utilización nas tarefas habituais do centro: programación, memorias, plans...
- 4-Facilitar o acceso a estas ferramentas por parte dos alumnos con necesidades educativa especiais e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- 5-Conseguir que o alumnado acceda ao mundo de internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.
- 6-Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- 7-Potenciar actividades de participación de toda a comunidade educativa nas diferentes actividades do centro: páxina web, xornal escolar, actividades culturais...

Actividades: Dotación das aulas de PT de software e hardware axeitado, irmanamentos informáticos con outros centros da contorna, creación de blogues de aula para a participación do alumnado, realización de programas de capacitación dixital para o profesorado.

Equipo Directivo

- 1-Difundir entre o profesorado o emprego dos recursos informáticos para a xestión do centro.
- 2-Planificar a política de adquisicións para garantir a dispoñibilidade dos recursos necesarios para o traballo do profesorado no marco das TIC.
- 3-Dinamizar o uso das TIC no centro fomentando a formación do profesorado.

Actividades: Adquisición de equipamentos informáticos, solicitude de equipamentos á administración, creación de grupos de traballo ao redor das TIC, fomentar a páxina web, integrar as TIC na vida cotián do centro (convocatorias de reunións por correo electrónico, emprego da web como axenda de actividades e como taboleiro...)

Profesorado

- 1-Mellorar o plan pedagóxico a través das TIC.
- 2-Empregar as TIC para o traballo cotián e as actividades aula: programacións, actividades, controis, fichas...
- 3-Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- 4-Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades e participar en foros, chats,... e diversas redes de colaboración como internet.
- 5-Elaborar materiais propios facendo uso dos recursos existentes (escáner, impresora, cámara dixital...).

Actividades: Integración do uso da aula de informática na práctica didáctica cotián, realización de actividades adaptadas á realidade do alumnado coas ferramentas de autor disponibles e máis axeitadas, partillar os enlaces de interese atopados na internet co resto dos profesionais do centro.

Alumnado

- 1-Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- 2-Espertar o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar á información precisa.

3-Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.

4-Potenciar a comunicación cos seus semellantes.

5-Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das diferentes áreas do Currículo, así como favorecer a adquisición de habilidades e destrezas.

Actividades: *Emprego do ordenador nas distintas áreas e con diferentes obxectivos (procura de información, realización de deseños, presentación de traballos...), realización de traballos cooperativos en rede (wikis) colaborando para chegar a acordos, interiorización de pautas de comportamento na internet referidas á protección da privacidade, de respecto das fontes documentais, de contraste de informacións...*

Comunidade Escolar

1-Lograr a integración das TIC como un medio dinámico de comunicación, sendo un elemento común de información e contacto con todos os axentes do proceso facilitando a conexión entre eles.

2-Poñer en marcha mecanismos, ao través da ANPA, para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

Actividades: *emprego da web do colexio como eixo das comunicacións entre a escola e as familias, programación de actividades de formación para as familias (seguridade na rede, control parental...)*

III- APLICACIÓN DAS TIC Á DOCENCIA.

“A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións”. Os discentes deben **“adquirir os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer”**

(D.130/2007).

Partindo destas premisas e cun enfoque globalizado e integrador, coherente coas características do PEC e das etapas educativas de Ed. Infantil e Ed. Primaria, pretendemos integralas no noso PCC para que pasen a formar parte, como un recurso máis, dos procesos de ensino-aprendizaxe. Isto non quere dicir que discentes e profesorado desenvolvan o seu traballo unicamente a partir de recursos TIC, senón que se configuren como unha ferramenta da aula, xunto ás convencionais, que facilita o acceso á información, a comunicación e interacción cos demais e co contorno e presenta un carácter motivante, sempre dende unha perspectiva crítica das mensaxes recibidas e elaboradas.

Queremos afrontar, con garantías de éxito, a formación dos futuros cidadáns, con habilidades e estratexias para interactuar e transformar un mundo, cada vez máis complexo, evitando, na medida do posible, a fenda dixital e a asimilación cultural.

No marco da recente reforma educativa contamos co referente das “competencias básicas” e dentro delas co **“tratamento da información e a competencia dixital”** que nos permite dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar, comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorporando diferentes habilidades, que van dende o acceso á información á súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Ademais, está asociada coa busca, selección, rexistro, tratamento e a análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte empregada ou o soporte utilizado (oral, impreso, audiovisual, dixital o multimedia). Require do dominio de linguaxes específicos básicos (textual, numérico,

visual, gráfico e sonoro) e das súas pautas de decodificación e transferencia, así como aplicar en distintas situacións e contextos o coñecemento dos diferentes tipos de información, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes nos que esta soe expresarse.

Acadar esta competencia supón aproveitar amplamente os recursos TIC dos que dispón o centro, tantos os da aula de informática, como os situados na biblioteca do centro, nas aulas e no resto de instalacións, o que suporá traballar para acadar:

1. Alfabetización dixital dos estudantes, profesores, familias...
2. Uso persoal (profesores, alumnos...) destes recursos: acceso a la información, comunicación, xestión e proceso de datos.
3. Xestión do centro: secretaría, biblioteca, xestión da titoría do alumnado...
4. Uso didáctico para facilitar os procesos de ensinanza e aprendizaxe.
5. Comunicación coas familias (a través de la web de centro...)
6. Comunicación co entorno.
7. Relación entre profesores de diversos centros (a través de redes e comunidades virtuais): compartir recursos e experiencias, pasar informacións, preguntas...

Se nos centramos no noso **alumnado**, os **obxectivos a acadar** para cada etapa, seguindo os currículos vixentes para a nosa comunidade, serán os seguintes:

Educación Infantil.

- 1- Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias, de exploración e investigación.
- 2-Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.
- 3-Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- 4-Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.
- 5-Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica...nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como series de animación, presentacións, vídeos...,a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.
- 6-Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

Educación Primaria

- 1-Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.
- 2-Utilizar estratexias persoais e variadas para obter,seleccionar, organizar, transformar, representar e comunicar a información.

Así tanto na **Educación Infantil** como no **1º Ciclo de Educación Primaria** centraremos a nosas actuacións en coñecer os principais recursos TIC (computadora, cámara dixital, páxinas educativas na rede...) e en familiarizarnos co seu manexo (o rato, softwares educativos, actividades on - line apropiadas a súa idade).

No **2º Ciclo de Educación Primaria** seguiremos empregando aplicacións informáticas de carácter didáctico (Clic, software libre, notebook, xogos educativos.....) e realizaremos pequenas buscas de información con pautas predeterminadas (enciclopedias, páxinas web,...)

No **3ºCiclo de Educación Primaria** irase ampliando o ámbito de aplicacións informáticas e o seu manexo, así como a busca de información, que será dunha forma máis independente (enciclopedias, navegación na rede,.....). Será o momento de

realizar pequenos traballos de investigación e de participar na xestión da biblioteca do centro.

Por parte dos docentes dispoñer dun **ordenador de aula conectado a internet e con acceso a plataforma do centro**, suporá realizar máis facilmente actividades de apoio á docencia. Referímonos a preparación das clases, o control de la titoría do alumnado (traballos realizados, asistencias...) e a elaboración de materiais didácticos (interactivos e en soporte impreso) o que sen dubida repercutirá na innovación educativa e na mellora da calidade da ensinanza. Ademais, dado a nosa incorporación ao proxecto Abalar permitirannos o seu uso de forma individual ou en grupo (conectados en rede, co control do docente dende o ordenador base).

Dispoñendo dun **ordenador familiar conectado a rede e con acceso a plataforma do centro**, as **familias** poden ter una información mais ampla e puntual das actividades deste, realizar algúns trámites comodamente dende a casa e colaborar mais facilmente coas actividades educativas que se realizan na escola. (**Consultas, asesoramento aos seus fillos nas tarefas de clase, contactar cos titores,...**)

Resulta de gran importancia no marco do centro a existencia e mantemento da propia **páxina Web**, na que se expoñen unha chea de documentos e ferramentas e que, polo de agora, non ten unha afluencia de visitas suficientemente grande.

A web a día de hoxe ofrece:

- x Información xerais do centro
- x Documentos de organización do centro
- x Menús escolares
- x Transporte escolar
- x Informacións de bolsas de axuda
- x Recursos educativos elaborados no propio centro
- x Espazos para os distintos departamentos (Biblioteca, Normalización e Axenda 21 Escolar de Galiza)
- x Enlaces aos diversos blogues: de aula, biblioteca, etc...

Aínda así sería desexable ampliar os servizos da Web con máis servizos, como a publicación on line da revista do colexio, servizo de axenda para as actividades programadas como saídas, excursións e reunións.

IV- RELACIÓN DAS TIC COAS DIFERENTES ÁREAS DO CURRÍCULO,

Na **Educación Infantil**, o tratamento das TICs farase de forma globalizada mediante o traballo por proxectos. En cada aula de Infantil hai un recuncho cun ordenador con conexión a Internet onde podemos: visionar videos educativos, empregar xogos educativos...

Na Educación Primaria, o tratamento das TICs farase tendo en conta as diferentes áreas do currículo:

1) Área de Coñecemento do Medio natural social e cultural.

A área de **Coñecemento do Medio natural social e cultural** conéctanos coa nosa realidade vital e resulta cercana e motivadora dos intereses do alumnado, por iso configúrase como un elemento fundamental para a introdución das TICs nas aulas. Ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno o utilizar unha fonte histórica necesita de procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación que son obxecto prioritario de aprendizaxe nesta área. Alén disto, expoñemos como base das nosas actuacións acadar os seguintes obxectivos:

- x Adquirir habilidades e destrezas para o acceso e utilización da informática, tanto por parte dos docentes como do alumnado.
- x Utilizar o ordenador e a conexión a rede como medio para recoller datos e informacións.
- x Presentar datos, efectuar análises e extraer conclusións dende unha reflexión crítica.

Actividades:

Análise de imaxes, clasificacións, visitas a páxinas Web, elaboración de traballos, realización de medidas e estatísticas, elaborar gráficos, visitas virtuais a museos, parques naturais, centros tecnolóxicos, ... Usar aplicacións informáticas, software interactivos, utilizar diferentes plataformas, realizar exercicios, debuxos, esquemas; traballar con mapas virtuais, acceder as institucións galegas, adquirir e elaborar información sobre medio ambiente, ...

2) Área de Matemáticas

As **Matemáticas** contribúen á adquisición da competencia no *tratamento da información e competencia dixital*, en varios sentidos.

Dunha banda, proporciona destrezas asociadas o uso dos números, tales como a comparación, a aproximación o as relacións entre as diferentes formas de expresalos, facilitando así a comprensión de informacións que incorporan cantidades ou medidas. Polo que poderemos empregar os recursos informáticos para realizar actividades de operacións básicas, resolución de problemas, cuestións topolóxicas e de propiedades dos obxectos, xeometría, medidas e razoamento lóxico.

Nestas actividades o ordenador pode utilizarse como un instrumento creativo, xa que nos permite definir as condicións de traballo, xerando as operacións ao azar a partir de parámetros indicados na configuración das aplicacións.

Como vemos as TIC na área de matemáticas permiten basicamente a resolución de problemas e cuestións, proporcionando estas situación dende diferentes puntos de vista polo que nun primeiro momento seleccionamos os seguintes obxectivos:

- x Realizar representacións numéricas e operacións básicas.
- x Coñecer e analizar elementos xeométricos.
- x Realizar gráficos, presentar datos, efectuar análises e extraer conclusións.
- x Coñecer o Sistema Métrico Decimal e sistemas de numeración de outra culturas.

Actividades:

Realizar actividades de operacións, ordenacións e clasificación, recoller e analizar informacións, realizar medidas e estadísticas, elaborar gráficos, visitas virtuais, usar aplicacións informáticas, software libre e interactivo, utilizar diferentes plataformas, realizar exercicios virtuais e construír figuras xeométricas.

3) Área de Lingua e literatura (Lingua Galega e Lingua Castelá)

Na área de **Lingua Castelá e Galega** podemos adquirir coñecementos e destrezas para á busca, selección, tratamento da información e comunicación, en especial, para a comprensión de dicha información, da súa estrutura e organización textual, e para o seu emprego na produción oral e escrita. Alén disto, os recursos TICs permitirannos traballar a lectura, a gramática, a ortografía, a comprensión lectora, a elaboración de textos, informes, traballos,... dun xeito creativo, con actividades de identificación, de completar palabras e textos xerados ao azar a partir de parámetros indicados na configuración das aplicacións, de enlace de frases con sentido, da creación de textos a partir de frases. En consecuencia, establecemos os seguintes obxectivos básicos de actuación :

- x Utilizar as TICs para completar palabras e textos, ordenar e identificar textos, frases e palabras.
- x Elaborar textos, realizar ditados.
- x Publicar elaboracións
- x Analizar a ortografía e a gramática de pequenos textos, frases e palabras.

Actividades:

Lectura de textos, responder a preguntas, completar e/ou ordenar textos e frases, realizar concordancias, establecer relacións entre diferentes palabras, usar aplicacións informáticas, software libre e interactivos, utilizar diferentes plataformas. Realizar exercicios impresos e virtuais, crear textos e poemas individual e colectivamente, publicar as creacións,...

4) Área de Lingua Estranxeira: Inglés

Na área de **Lingua Estranxeira** podemos traballar a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén contar cun acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día e que nos permitira aumentar a nosa competencia comunicativa en Inglés. Ademais podemos empregar aplicacións e recursos informáticos para traballar a lectura, a fonética, a gramática, a ortografía, a comprensión lectora, a elaboración de textos e, realizar conexións vía Chat ou e-mail con outros centros de fala inglesa e bilingües.

Seguindo esta perspectiva de futuro, seleccionamos os seguintes obxectivos:

- x Adquirir o vocabulario básico e mellorar a comprensión oral.
- x Realizar lecturas, elaborar textos, realizar ditados e publicar elaboracións.
- x Manter conexión con centros de fala inglesa.
- x Coñecer e valorar as peculiaridades da cultura anglófona.

Actividades:

Lectura de textos, responder a preguntas, completar e/ou ordenar textos e frases, realizar concordancias, establecer relacións entre diferentes palabras, usar aplicacións informáticas, software libre e interactivos, utilizar diferentes plataformas. Realizar exercicios impresos e virtuais, crear textos individual e colectivamente, publicar as creacións, establecer comunicación e conexión con outros nenos/as de fala inglesa,...

5) Área de Educación Artística.

Música.

En **Música** podemos seleccionar diferentes músicas e melodías, enlazándoas coa cultura da que proceden, así como coñecer os seus instrumentos musicais. Tamén podemos traballar as interaccións entre o que se oí e a súa representación gráfica como axuda para comprender os distintos elementos que integran a escritura musical. Nestas actividades o ordenador se utilizará como un instrumento creativo, xa que o alumnado poderá experimentar con creacións propias ou con variacións de melodías xa coñecidas. O mesmo tempo o publicar na rede as propias producións valoraremos o resultado do noso traballos e melloraremos o grao de motivación e implicación do alumnado.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto establecemos como obxectivos prioritarios:

- x Realizar procesos de escoita e audición.
- x Desenvolver a sensibilidade para apreciar as calidades sonoras de diferentes composicións musicais, propias e alleas, apreciando o seu valor cultural.
- x Expresar musicalmente accións e sentimentos.
- x Identificar os elementos da escritura musical.
- x Elaborar pequenas composicións.
- x Editar un blogue de clase.
- x Procurar informacións sobre a historia da música, instrumentos, músicos...

Actividades:

Audición de composicións, completar escritura musical e comprobar os seus resultados, asociar sons coas súas fontes, asociar sons a sentimentos, usar aplicacións informáticas, software libre e interactivo, utilizar diferentes plataformas, crear pequenas composicións individual e colectivamente, publicar as creacións,

Procura de información sobre músicos, cultura musical, instrumentos das distintas culturas, seguindo as pautas dos proxectos documentais, procura de exemplos (youtube...) sobre as pezas traballadas na clase, blogue para exposición dos traballos realizados (orquestracións, bailes...), procura de partituras, manexo de programas de edición de partituras (MuseScore, Lylypond, Encore...), uso de MIDI...

Plástica

En **Plástica** os recursos TICs son unha idónea ferramenta para amosar procesos relacionados coas artes visuais e para acercar ao alumnado á creación de producións artísticas e a análise da imaxe e dos mensaxes que estas transmiten. Ademais poderemos observar o mundo e traballar con elementos que configuran a linguaxe visual a través da apreciación e da investigación das súas características (espazo, luz, forma, cor, mensaxes,...) Todo elo potenciando polo uso da computadora como instrumento creativo, xa que o alumnado poderá realizar elaboracións plásticas a partires de parámetros

indicados polo docente e polas configuracións das aplicacións, que sobre todo potenciaremos no 3º ciclo da Ed. Primaria, dedicando unha parte do tempo estipulado para esta área ao traballo cos recursos TICs.

Seguindo estas premisas establecemos os seguintes obxectivos:

- x • Analizar forma e cor e realizar composicións e debuxos.
- x • Identificar os elementos básicos da imaxe.
- x • Analizar mensaxes das imaxes.
- x • Realizar imaxes creativas.
- x • Coñecer artistas universais.
- x • Realizar publicacións multimedia.

Actividades:

Lectura de imaxes, completar e/ou ordenar imaxes, realizar composicións plásticas, experimentar con formas, luz, cor, texturas, ... establecer relacións entre as diferentes linguaxes visuais, usar aplicacións informáticas, software libre e interactivos, utilizar diferentes plataformas, realizar exercicios e proxectos multimedia tanto individual e colectivamente, publicar as creacións ...

6) Área da Educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

Nesta área as TICs permitirannos coñecer os usos e costumes de sociedades diferentes a nosa, paso imprescindible para abordar a educación intercultural e a formación para a convivencia pacífica dentro dun exercicio de educación en valores construído dende a dignidade, a liberdade, a igualdade, a diversidade, a identidade o respecto o desenvolvemento sostible. Con elas, coñeceremos a Declaración Universal dos Dereitos Humanos, a Convención dos Dereitos do Neno, a Constitución Española, o Estatuto de Autonomía, así como as diversas institucións que configuran a nosa organización social.

O mesmo tempo podemos establecer pautas de empatía, participación, comprensión, colaboración e recoñecemento do outro, como fórmula para exercitar a responsabilidade persoal e a tolerancia, así como a identificación dos deberes cidadáns e a análise e asunción hábitos cívicos adecuados a súa idade.

Dada a importancia dos recursos TICs para a consecución dos obxectivos da área, realizaremos parte da súas sesións na aula de informática e como obxectivos expoñemos os seguintes:

- x Identificar e aceptar a diversidade cultural.
- x Analizar as plataformas de comunicación das principais institucións internacionais, españolas e autonómicas.
- x Identificar e analizar as interaccións entre diferentes culturas.
- x Identificar diferentes comportamentos sociais e a súa repercusión no medio.
- x Realizar publicacións multimedia.

Actividades

Coñecer e analizar plataformas de comunicación, analizar a prensa dixital nacional e internacional para determinar as diferentes visións que podemos ter dunha mesma situación o suceso, usar aplicacións informáticas, software libre e interactivos, empregar diferentes plataformas.

Realizar exercicios impresos e virtuais, analizar a información e crear textos individual e colectivamente, publicar as creacións,...

7) Área de Educación Física

Aínda que a área de Ed. Física ten un marcado carácter procedimental, pode beneficiarse dos recursos que nos ofrecen os medios TICs. Debemos aproveitalos para coñecer as regras básicas de diferentes deportes e xogos, indagando no seu compoñente cultural. O mesmo tempo, dispoñendo de periféricos apropiados (portátil, canon, pulsímetro,...) pódense traballar aspectos como a coordinación viso – manual, o equilibrio, ...

Pero, dado que a súa aplicación é certamente recente nas aulas, o noso primeiro obxectivo será:

x Familiarizarnos cos recursos e ferramentas TICs aplicables a área de Ed. Física.

Actividades

Coñecer aplicacións de utilidade específica, como Karaoke Multimedia, Visible Body, Neobook, Cronos, Datagym e programas informáticos e periféricos para traballar co alumnado que presenta NEAE (taboleiro de conceptos, programa vista,..)

O resto das áreas poderán, segundo as súas necesidades, realizar actividades coas TIC empregando os recursos do centro.

V- AS TIC NO TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

O uso das TIC facilita enormemente a atención á diversidade. A rixidez do libro de texto como único recurso pode ser substituído pola posibilidade de buscar ou crear con facilidade, as actividades que mellor se adaptan ás necesidades dos estudantes.

Apostar polo emprego das TIC supón aumentar as posibilidades de mellorar a atención á diversidade. Neste sentido no centro contamos cunha aula específica de Autismo, que centra o seu traballo na elaboración de materiais autoeditados especialmente adaptados as características dos seus discentes, e que teñen como un dos seus principais recursos os medios TIC. Ademais a implicación do equipo de orientación e dos docentes na atención á diversidade pódese ver reforzada co aproveitamento deste recursos na atención individualizada dos estudantes.

Calquera tipo de dispositivo que permita por parte do alumno/a escribir, comunicarse, explorar o entorno, tomar decisións, simular situacións,... vai permitir a maior participación nas actividades escolares e na dinámica da aula, e por tanto, integrarse máis no proceso de ensino-aprendizaxe. Ademais, demostrouse que as TICs son unha gran axuda pola súa capacidade de motivar a aprendizaxe, de facilitar a individualización do ensino, de promover o traballo cooperativo, así como constitúe unha ferramenta imprescindible para o acceso ao currículo e ten como obxectivo atender a aquelas persoas cuxas características físicas, intelectuais ou emocionais lles impida adaptarse e progresar nos diferentes niveis do sistema educativo. Igualmente presta atención especializada a aquelas persoas que posúan aptitudes superiores ao normal.

Os alumnos/as destinatarios ás TICs van ser aqueles que presenten unhas condicións mínimas coma:

1. Non presentar condutas disruptivas.

2. Seguir instrucións verbais e non verbais.
3. Manter un mínimo de atención selectiva.
4. Presentar motivación e interese respecto a informática.

Nas catro aulas de PT e nas de AL, co alumnado específico e de apoio odemos atopar ordenadores coma reforzo ao proceso de ensino-aprendizaxe e inclusive como axuda a comunicación.

Nos casos de parálise cerebral estase a intentar que este sexa un dos medios para comunicarse empregando o programa Tico e necesitando unha axuda técnica como é o caso do pulsador. Tanto para estes caso coma para os alumnos/as diagnosticados con autismo utilízanse pictogramas sacados da páxina web de arasaac.

Co alumnado con retardo da aprendizaxe tamén se emprega o ordenador a través de programas educativos da xunta que podemos atopar na dirección: <http://www.edu.xunta.es/contidos>, así coma con programas comprados como poden ser pipo, adibú, comprensión lectora e escrita,... todos eles para reforzar as áreas instrumentais.

O uso da Internet neste ámbito e tamén moi útil para a procura de recursos e o acceso á información.

Ademais, estase a levar a cabo no centro un proxecto de formación centrado na parálise cerebral, así coma un grupo de traballo sobre o autismo para a elaboración de programacións e material para o alumnado con estes trastornos no que se está a empregar o ordenador como ferramenta para a elaboración do devandito material.

VI- AS TIC NA BIBLIOTECA

Na nosa Biblioteca non só contamos con materiais impresos senón tamén con catro ordenadores con conexión a Internet para o manexo dos rapaces, outro conectado a un canón de video e un máis con impresora onde se encontran catalogados os fondos da biblioteca segundo a CDU e o cal emprégase para os préstamos tódolos días en horario de recreo (12:00 a 12:30h.) atendido polo encargado da biblioteca.

Ademais, cóntase cunha páxina web do centro na que podemos atopar un apartado específico da biblioteca escolar onde temos a edición dixital da revista do cole “ O Barquiño de papel”, así coma diversas actividades coma “a olimpiada do saber” que consiste na realización dunha serie de preguntas que requirirán para a súa correcta contestación o emprego dos fondos documentais existentes na biblioteca no que se inclúe a internet . Nesta web da biblioteca atópanse tamén actividades do jclic ou un blogue.

Na nosa biblioteca abordamos a incorporación das TICs dende catro perspectivas diferenciadas:

1) Xestión informática dos fondos

O primeiro esforzo de introdución das novas tecnoloxías na xestión e dinamización da biblioteca escolar foi o abandono do sistema tradicional de tarxetas por unha catalogación informática dos fondos.

Para isto contouse co programa Abies 1.c, e un ordenador celeron de 512 Mb. A escasa potencia do ordenador e o seu estado de deterioro pola idade, levaron a que, unha vez rematado o proceso de catalogación, daquela os fondos eran de aproximadamente 5000 exemplares, unha avaría fíxonos perder a metade dos fondos catalogados.

A nova catalogación realizouse xa coa nova versión do Abies 2.0, ao que se migraron os datos que se puideron conservar, engadindo aos poucos o resto de rexistros perdidos e as novas adquisicións.

O Abies que traballamos actualmente é un programa con moitas prestacións para o servizo da biblioteca, e, ademais, é un programa que son quen de xestionar unha boa

parte do profesorado do centro, cando menos as opcións de empréstanos e devolucións.

A pesares disto o actual equipo da biblioteca está a estudar a posibilidade de cambiar de programa para o MEIGA da consellería de cultura, para o que varios membros do grupo teñen solicitado cursos de formación na xestión deste programa, entre outras razóns para usar un programa en galego e que é o mesmo que empregan a biblioteca pública do Barco e as bibliotecas dos outros centros da comarca. Con todo, a decisión final sobre o programa que vai xestionar no futuro a nosa biblioteca ha ter en conta as prestacións que un e outro programa ofrezan, valorándose todos os factores polo equipo de apoio da Biblioteca.

2) [Páxina web da Biblioteca e Blogue](#)

Dende comezos do ano 2008 xa temos a posibilidade de consultar na rede a **páxina web da biblioteca**, aínda que esta xa estaba elaborada, nas súas liñas mestras, dende o curso 2005-2006. Houbo que esperar a que se rematase a páxina web do colexio, onde se aniñou o sitio da Biblioteca. O enderezo é o seguinte: <http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa> para o enderezo do colexio; <http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/index.html> para a páxina de inicio do sitio da biblioteca.

Esta ferramenta web consta de distintas páxinas que ofrecen opción para o traballo ou facilitan información sobre as actividades da biblioteca.

Na primeira páxina á que se accede dende o vencello da páxina do colexio dáselle a benvinda aos internautas, e ofrécese a posibilidade de contactar, mediante o correo electrónico, cos servizos bibliotecarios.

Consta tamén dunha columna con ligazóns ás distintas páxinas do sitio web, así como ao blogue **da biblioteca** e a outros lugares alleos á nosa biblioteca, pero que ofrecen recursos de interese. Seguindo a orde alfabética das ligazóns desta columna, presente en todas as páxinas do sitio, chegamos á páxina adicada ás actividades que oferta a biblioteca.

Nesta páxina fálase das distintas actuacións que se levan a cabo en relación a diferentes servizos: animación á lectura, formación de usuarios, boletín da biblioteca, etc...

Na seguinte páxina ofrécese a posibilidade de consultar o catálogo da biblioteca. Preséntase unha páxina coas **siglas da CDU** e un debuxo alusivo á súa temática, que abren ficheiros en PDF cos rexistros bibliográficos ordenados alfabeticamente. Con esta páxina preténdese dar a coñecer entre o profesorado e o alumnado do centro os distintos materiais de que dispomos na biblioteca para fomentar a súa consulta.

Continuando a nosa navegación, chegamos a unha páxina na que se ofrece un servizo de contacontos para os máis pequenos. Presentacións e contos en flash ábrese para facilitar o acceso aos contos para os máis pequenos visitantes do sitio. Os contos, en todos os casos acompañados de debuxos e do texto, son narrados oralmente.

Tamén se ofrece unha **páxina adicada ao poeta**, intelectual galeguista e persoeiro valdeorrés, **Florencio Delgado Gurriarán**.

Así mesmo contamos cunha páxina de **ligazóns a lugares de interese educativo e documental**. Esta páxina deberá irse renovando, ampliando e mellorando ao tempo que vaíamos deseñando actividades de procura documental dende as aulas do colexio, para ofrecer as ligazóns necesarias para garantir o éxito das procuras do alumnado.

Por último temos deseñada unha páxina na que falamos dos **proxectos** nos que estamos, arestora embarcados. Dende esta páxina podemos acceder tamén á edición do Barquiño de Papel, boletín da biblioteca cunha periodicidade que pretende ser bimensual.

Pensamos polo tanto que poderíamos crear a nosa hemeroteca virtual, para que todos os barquiños puidesen ser consultados en liña, e iso é o que permiten as ligazóns ás edicións en PDF destes boletíns.

Aniñada dentro desta páxina de proxectos está unha actividade de recollida documental elaborada no curso 2006-07 polo ENL e o Equipo da Biblioteca, Consistiu esta actividade na recolleita nas casas de **fotos antigas**, preferentemente da época dos avós do alumnado.

Por último neste apartado de proxectos sinalar a presenza de **actividades en Jclic sobre formación de usuarios**, nas que se traballan conceptos como as normas da biblioteca, as etiquetas das signaturas, a división da CDU, e os distintos tipos de documentos e a súa utilidade na procura de información.

Sería desexable ampliar as páxinas da Web con páxinas adicadas á creación literaria e á exposición de traballos de investigación do alumnado, entre outras moitas posibilidades nas que se pode traballar.

Tamén, e de feito foi como comezou a aventura na rede da biblioteca, dispoñemos dun espazo na blogosfera, ao que podemos chegar tecleando o seguinte enderezo: <http://condesa.blogaliza.org>

O Blogue, como todos os blogues, serve de diario dos acontecementos do colexio, pero abordados dende a óptica da biblioteca, abrindo espazos para a participación por escrito do alumnado.

O primeiro uso que se lle pensou dar consistía en que fosen lugares para expoñer os comentarios que fosen xurdindo nos clubs de lectura, e para actividades de avaliación das lecturas das distintas aulas do colexio, función que, arestora, cumpre xunto ás funcións de órgano informativo das actividades do centro.

3) Acceso a internet

Na Biblioteca temos catro postos informáticos conectados a internet e que se encontran a disposición do alumnado do centro para a súa utilización como fonte de informacións para os traballos documentais.

O seu uso, de xeito autónomo, faise entre 14:30 e 15:30 h. en quendas de 15 minutos de duración, e previa presentación ao bibliotecario/a do carné por puntos (un sistema de control de conduta posto en marcha no colexio).

A realidade da práctica do uso do ordenador é a de acceder a páxinas de xogos en internet e outras prácticas que non eran as que nun principio tiñamos en mente no equipo de apoio á Biblioteca cando programabamos as actividades a facer con este equipamento.

Pensamos que a causa fundamental reside en que o profesorado aínda non é consciente da necesidade de dar uso didáctico a este equipamento e a escaseza de traballos de investigación que se propoñen ao alumnado. Diseñar unha estratexia para uniformar os traballos de investigación, promover a súa inclusión nas programacións de actividades de aula e a promoción do blogue do colexio como referente para realizar comentarios poden ser as principais actividades a realizar con este equipamento e que, en cursos sucesivos trataremos de que sexan incluídos nas prácticas docentes do colexio.

En canto ao uso dos ordenadores da Biblioteca para podelos usar cómpre ter:

- x O carné de puntos do centro cun mínimo de 18 puntos.
- x Cada quenda de uso será de 15 minutos nos recreos.
- x Pódense empregar para a procura de información na Internet ou realizar traballos do colexio.
- x Usarase Internet en presenza das persoas encargadas da Biblioteca.

Este ano, ademais, engadiuse ás actividades da biblioteca a proxección de películas en branco e negro en horario de 14:30 a 15:30., o que supuxo a instalación dun novo ordenador conectado a un proxector, que, a máis do seu uso audiovisual serve de ferramenta didáctica para o profesorado que acode coa súa clase á Biblioteca.

Pretendemos continuar na liña de actuación que se espuxo, o que levaría de seu:

- x Continuar coa elaboración de recursos de procuras da información, especificamente procuras do tesouro
- x Elaboración de tutoriais para un uso efectivo da rede
- x Adquisición de máis posto de acceso á rede para a biblioteca.
- x Actualización e ampliación da web e do blogue.
- x Fomento da participación do alumnado no blogue, tanto como comentaristas e como autores.

VII- REPERCUSIÓNS ORGANIZATIVAS DO PROFESORADO, DOS ESPAZOS E RECURSOS

Profesorado

O centro se dota dun grupo de mestres voluntarios que artellan todo o referido á implantación das TIC na práctica docente. A estrutura deste grupo será a seguinte:

1. **Coordinador:**
 - Dirixe e coordina o traballo do grupo TIC.
 - Supervisa todo o referente ao grupo Abalar.
 - Atende as relacións do colexio coa Administración Educativa.
 - Fomenta a participación da Comunidade Educativa.
2. **Encargado do Servizo Técnico:**
 - Atende as demandas de apoio técnico diante de avarías por parte do profesorado.
 - Solicita axuda á UAC ou a servizos externos nos casos necesarios.
 - Fai propostas de adquisicións en función do estado da dotación informática.
3. **Dinamizador didáctico:**
 - Informa ao profesorado dos recursos didácticos elaborados polo centro.
 - Informa dos recursos alleos que se poden atopar pola rede.
 - Facilita o acceso aos programas necesarios para a práctica didáctica.
 - Anima á participación en actividades de formación encamiñadas á dotar de competencia dixital ao profesorado.
4. **Outros membros do grupo:**
 - Servirán como enlaces entre os ciclos e o grupo TIC, servindo para transmitir propostas e críticas entre ambas estruturas. Débese evitar que o grupo TIC actúe illado do resto do centro, mantendo moi vivas estas canles de comunicación e de retroalimentación.

Espazos e recursos

Para o desenvolvemento deste plano contamos cun ordenador con acceso a internet en cada titoría, que é utilizado polo profesorado e o alumnado da propia aula.

Mención a parte terán as aulas nas que, experimentalmente, se implantará o proxecto Abalar, xa que contarán cunha dotación especial, cun ordenador por nen@, a máis doutros servizos (mesa de carga, proxector, encerado dixital...).

Para o resto das aulas que carecen desta dotación extra, o centro conta cunha aula de informática con 24 ordenadores de sobremesa para o alumnado e 1 ordenador de sobremesa do profesorado. O ordenador do profesor ten software que permite o

control do traballo de cada posto da aula, a máis de estar conectado ao encerado dixital.

O horario desta aula permitirá a visita dunha hora semanal por aula, que no caso dos primeiros cursos (tanto de primaria como de ensino infantil) se realizará co reforzo de profesorado de apoio.

Para completar a dotación informática teremos que sinalar o uso que tamén se lle dá ao ordenador conectado ao proxector da biblioteca do centro, utilizado para ensinar non só programas relacionados coa formación de usuarios da biblioteca e coa procura da información, como con outras actividades programadas polo profesorado de cada aula.

O profesorado tamén conta cunha sala con cinco postos informáticos, impresoras e scanner, co que prepara materiais para as súas clases durante as horas de garda ou en horario non lectivo.

Por último facer constar a existencia dunha rede administrativa que conta cos ordenadores de dirección, secretaría, biblioteca e orientación, de acceso restrinxido para os servizos xa mencionados.

VIII- AVALIACIÓN DO PLAN.

Trimestralmente o grupo TIC do centro terá unha reunión de avaliación sobre a marcha deste proxecto, no que se valorará en que medida se van acadando os obxectivos e a realización das actividades, a propia adecuación das actividades á consecución dos obxectivos, e adispoñibilidade dos recursos.

Desta reunión sairán as correccións aplicables ao plan para corrixir as desviacións e acadar finalmente o cumprimento

ANEXO 1: Protocolo de emprego das aulas abalar

PROXECTO ABALAR. CEIP “CONDESA DE FENOSA” NORMATIVA DE USO. GUÍA DE MANTEMENTO E COIDADADO DO PORTÁTIL

Adaptada das Normas TIC do IES “A Pastoriza”, Arteixo, A Coruña e das Normas para portátiles do IES “Mateo Alemán”, Alcalá de Henares, Madrid

Estes equipos forman parte dos recursos materiais do CEIP “Condessa de Fenosa” de O Barco de Valdeorras, Ourense. Son un instrumento de traballo escolar ao que se tem acceso polo feito da participación deste colexio no Proxecto ABALAR.

O alumnado ao que vai dirixido deberá cumprir e respectar en todo momento esta normativa de uso incorporada no R.R.I, sabendo que o incumprimento da mesma, carrexará, ademais da perda dos privilexios de uso, calquera das sancións que se establecen no devandito Regulamento e mesmo sancións económicas se chegara o caso.

As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade da falta ou incumprimento da normativa serán, entre outras, as que a continuación se sinalan:

- A retirada de privilexios de utilización do portátil.
- A retirada temporal ou definitiva do portátil
- Unha sanción económica que se determinará en cada caso tendo en conta a
- natureza e gravidade do dano causado.
- Calquera outra aprobada polo Consello Escolar e que se inclúa no R.R.I do colexio.

Ademais da normativa de uso xeral vixente, estes ordenadores están suxeitos dada a súa especificidade a unha normativa propia e complementaria que aquí se explica primeiro de maneira xenérica e despois máis matizada:

1. Antes de coller o portátil dos carriños establecidos para gardalos o alumnado deixará as súas mesas libres para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.
2. Cada alumno/a recollerá o portátil do carriño por orde para facilitar a identificación do portátil que lle corresponde.
3. Collerá o portátil que ten asignado para el/a e non ningún outro.
4. Non acudirá ao carriño en grupos para evitar aglomeracións que deriven en posibles caídas dos equipos.
5. Os alumnos/as serán chamados por orde segundo estean sentados na aula. Para repartir os portátiles empezárase desde atrás a adiante e para gardalos de adiante a atrás.
6. O profesorado non permitirá que o alumnado colla/deixe os portátiles pola súa conta.
7. Sempre se collerá o portátil con dúas mans, de xeito que, ao levalo, non lles tape a visión do camiño e tropecen.
8. Cada ordenador portátil ten unha etiqueta co número que lle corresponde a cada alumno e sempre se collerá o portátil que se corresponda co seu número para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.
9. O alumno/a non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesorado, unha vez rematada a exposición do traballo que van realizar.
10. Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil nin cando estea aberta nin cando estea pechada a tapa.
11. A pantalla é moi delicada. Non se debe tocar nunca cos dedos nin con ningún outro obxecto que non sexa o lapis para tal efecto.
12. Os lapis estarán todos xuntos e repartiranse cando se vaian usar.
13. Cando o profesorado teña que interromper o traballo do alumnado para dar una explicación baixaranse as tapas dos portátiles, sen chegar a pechalos, de xeito que estes non entren en estado de suspensión.
14. Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos da súa conta, velando polo seu orde e a súa conservación.

15.Cada alumno será responsable tamén de gardar o traballo, e se é o caso, de apagar correctamente o portátil ao finalizar a clase.

16.Antes de devolvelos ao carriño, mirarase o nivel da batería co fin de poñelos a cargar unicamente cando sexa necesario, deste xeito evitaremos viciar a batería.

17.Os alumnos/as devolverán o portátil ao lugar correspondente no carriño, asegurándose de que queda conectado ao cargador.

18.O profesorado que imparta a última clase na aula ABALAR debe asegurarse de que os equipos quedan no carro pechado dispostos para cargarse, así como de que as aulas e a porta ABALAR quedan pechadas con chave.

19.Ademais debe asegurarse de que o carro está enchufado ao dispositivo eléctrico a tal efecto.

20.Aqueles profesores/as que vaian substituír deben pedir a chave do carro e da porta ABALAR ao conserxe e devolverllas ao mesmo unha vez finalizada a substitución.

21.O equipo é responsabilidade do alumno/a para o traballo de clase. Ante calquera incidencia co mesmo deberá avisar ao titor/a, cubrir a ficha elaborada a tal efecto e darlla á coordinadora ABALAR para que lle transmita a información ao asesor ABALAR ou ao organismo correspondente.

22.Os equipos non se poderán sacar da aula e, cando non se utilicen, deben quedar dentro do carro de carga.

23.O equipo é propiedade da Consellería de Educación, polo que queda prohibida a instalación de calquera programa, aplicación ou ferramenta tecnolóxica que non estea en relación directa co uso docente que se pretende con el.

24.O feito de non aceptar estas normas ou de non respectalas trae consigo a restrición ou perda dos privilexios de acceso ao mesmo.

1.- ASIGNACIÓN DE PORTÁTILES E COIDADOS BÁSICOS

Cada alumno/a do centro recibirá ao incorporarse ao 5º curso de Primaria un portátil do que será responsable mentres estea matriculado no colexio, con independencia do momento no que faga a matrícula, e ata que remate a súa permanencia no centro.

Seralle asignado un portátil, o mesmo para todo o ciclo. Soamente en casos excepcionais e, baixo autorización da dirección do centro, poderán realizarse cambios. Este ordenador estará etiquetado cun número que permitirá identificar cada ordenador co seu usuario en todo momento.

O profesorado disporá dun documento no cal relacionarase en cada curso cada alumno co número de equipo portátil que ten asignado.

Os equipos permanecerán sempre no centro que é o depositario dos mesmos por delegación da Consellería de Educación.

1.1.-Coidados básicos do portátil.

a) Cando se estea a traballar co equipo, deberá de colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitando posibles caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.

b) Non se pode comer nin beber cando se está a utilizar o portátil.

c) Non se pode coller o portátil pola pantalla e, unha vez pechado, sempre debe transportarse colléndoo pola asa e apoiándoo contra si.

d) Evitar sempre tocar a pantalla cos dedos ou con calquera obxecto que non sexa para tal efecto.

e) Evitar a exposición do portátil ao sol, á chuvia e ás fontes de calor; por exemplo, non colocalo a carón dun radiador.

f) Está prohibido sacar o equipo da aula e do Centro.

- g) O portátil terá que estar no carriño de transporte cando non se estea a utilizar e procurando que estea a cargar a batería, cando sexa necesario.
- h) Para gardar o seu traballo sería conveniente que cada alumno dispuxera dun lápiz de memoria que funcionaría a xeito de mochila electrónica.
- i) Soamente poderán usarse os dispositivos de almacenamento externo permitidos polo profesor/a.
- j) Non está permitido o almacenamento de información ilegal ou ofensiva.
- k) Cando se utilice o lapis de memoria é conveniente escanealo con antelación.

2.- GARDA E CUSTODIA DO PORTÁTIL NA CLASE.

- Cada alumno/a é responsable da custodia do portátil que ten adxudicado, debendo de telo sempre vixiado durante o horario lectivo.
- Cando non o precise para traballar na aula, depositarao no espazo que ten asignado a tal efecto no carriño na súa aula.
- O profesorado será responsable da chave do carro e terá chave da aula ABALAR.

3.-O PORTÁTIL NO COLEXIO.

3.1.- Normas de utilización do portátil no colexio

- a) Cando se retire ou garde no carriño deberá levarse sempre con moito tino e sen correr para evitar caídas ou golpes.
- b) Cando haxa que repartir ou recoller o portátil, farase na orde indicada polo profesor/a: de atrás a adiante para repartilo e de adiante a atrás para gardalo.
- c) Comprobarase sempre o nivel da batería ao rematar de traballar co ordenador co fin de deixalo cargando si é necesario.
- d) Queda terminantemente prohibido sacar o portátil fóra da aula.
- e) O alumnado nunca quedará só na aula cando se utilicen os portátiles.

3.2.- O portátil na clase

- a) Antes de coller o portátil o alumno/a deixará a súa mesa libre, para evitar ter que deixalo en situación de equilibrio precario.
- b) Tanto para o inicio dunha sesión de traballo como para o seu desenvolvemento e finalización, o alumnado debe seguir as indicacións do profesor/a.
- c) O alumno/a non acenderá o portátil ate recibir a orde expresa do profesor/a.
- d) Cando o profesor/a teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación, baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos.
- e) Cando o alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posible golpes e aforrar batería. Si ese momento coincide co recreo, a clase ten que quedar pechada e a entrada á mesma despois da ausencia terá que ser organizada (de un a un).
- f) So poderán utilizarse os dispositivos de almacenamento externo permitido polo profesor/a.
- g) Cando se produza unha incidencia no manexo do portátil e o alumno/a precise axuda do profesorado, procurará non interromper o traballo nin as explicacións que nese momento se estean a desenvolver na aula de clase.
- h) Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento no escritorio, dos cartafoles e arquivos da súa conta, velando pola súa orde e a súa conservación.
- i) Cada alumno/a será responsable de gardar o traballo e, se é o caso, de apagar correctamente o portátil ao finalizar a clase.
- j) As conexións de internet están destinadas exclusivamente á busca de información educativa e á realización de actividades didácticas. En ningún caso se lle permitirá a navegación libre por internet.

3.3.- Responsabilidades derivadas do uso do portátil

Cada alumno/a é totalmente responsable do que faga co seu portátil. Terán consideración de faltas graves ou moi graves, en función das circunstancias na que se producen os feitos e das súas consecuencias, as seguintes:

- a) Calquera intento de danar equipos, materiais, datos ou programas, será sancionado polo Regulamento de Réxime Interior do Centro. O vandalismo levará consigo á cancelación dos privilexios de uso do portátil e a obriga de reposición dos custos orixinados pola reparación do hardware, software ou sistema.
- b) Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios. O incumprimento desta norma será obxecto das sancións disciplinarias que se contemplan no Regulamento de Réxime Interior da centro
- c) Deberase empregar unha linguaxe apropiada; as palabras malsoantes, os insultos racistas e calquera outra expresión inadecuada están prohibidas e serán obxecto das correccións disciplinarias establecidas ao respecto no R:R.I.
- d) Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal.
- e) Revelar información persoal.
- f) A falsificación ou o seu intento.
- g) Os intentos de degradar ou interferir o sistema, serán contemplados coma unha violación das directrices e/ou coma unha actividade criminal suxeita a lexislación vixente.
- h) Trasladar o portátil ao recreo ou fora do centro.
- i) Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.
- j) O sistema/rede non poderá ser utilizado con propósitos ilegais.

4.- CUSTODIA E TRASLADO DO PORTÁTIL NO CENTRO

4.1 Custodia e traslado xeral

- En caso de avaría, virus, mal funcionamento, avisar á coordinadora ABALAR para que transmite o aviso ao asesor ABALAR ou á UAC.
- Os portátiles, unha vez rematada a xornada lectiva permanecerán no colexio
- gardados en cada clase nos seus correspondentes carriños e baixo chave.

4.2.- Avarías do portátil

4.2.1.- Avarías comúns

- Cando o portátil estea avariado, deberá de seguirse a clase con outro compañeiro.
- Cando ocorra unha incidencia co portátil, o profesor/a deberá tramitar un parte de incidencias que irá asinado polo alumnado implicado e o profesor/a que se entregará ao coordinador ABALAR do centro, o cal, si procede, deberá entregar o documento ao Equipo Directivo para a súa tramitación disciplinaria e ao asesor ABALAR para a reparación do equipo.
- Os portátiles avariados deberán acompañarse dunha ficha-protocolo para o seu arranxo que deberá depositarse en dirección e será recollida polo coordinador/a ABALAR.
- Se a avaría fose de índole menor o alumno/a esperará e estará presente mentres se solucione o problema, na procura de establecer unha cadea de formación que permita a calquera alumno/a arranxar de xeito autónomo as incidencias mais sinxelas. En caso de ser máis grave, deixará o equipo en depósito ata ser avisado, unha vez resolto o problema, a través do medio que se estableza. En calquera caso unicamente o alumno/a propietario pode recuperar o seu portátil e só a el lle será entregado.

4.2.2.- Avarías debidas a uso indebido

- Cando se detecte que a avaría do portátil ten a súa orixe nun uso indebido do mesmo, o portátil non se lle devolverá ao alumno. Neste caso arbitraranse as medidas correctoras que houberse lugar e recollidas nesta normativa o no R.R.I do Centro.
- Cando se detecte que un alumno está a ter avarías graves debidas ó uso indebido ou ó coidado pouco esmerado, procederase a retirarlle o equipo polo tempo que se considere oportuno. En casos moi graves poderá ser suspendido definitivamente da participación no Proxecto ABALAR.

5.- DIRECTRICES E PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

O usuario/a que viole as directrices e os procedementos administrativos, estará suxeito/a á suspensión temporal ou definitiva dos seus dereitos de utilización do portátil e da rede/sistema, e estará suxeito/a ás correspondentes sancións disciplinarias, recollidas no Regulamento de Réxime Interno ou nos procedementos legais oportunos.

- O portátil é un **instrumento de traballo escolar** ó que se ten acceso polo feito de participar no **Proxecto Abalar**.
- **O alumnado e os seus pais ou titores legais admiten** dende un principio as **normas establecidas** para o seu uso e, que o incumprimento das mesmas, pode ser obxecto dalgún tipo de sanción.
- As **sancións** que se poderán contemplar, en función da gravidade dincumprimento son:
 - A retirada de privilexios de utilización do portátil.
 - A retirada do portátil por un tempo determinado.
 - Interromper a participación do alumno no proxecto.
 - Unha sanción económica que se determinará en cada caso tendo en conta a natureza e gravidade do dano causado.
 - Calquera outra aprobada polo consello escolar e que se inclúa no regulamento de réxime interno do centro.

Quedo informado e acepto a presente normativa que asino.

ANEXO 2: Protocolo de emprego da aula de informática.

A aula de informática poderá ser empregada por tódolos alumnos/as do centro dentro do horario, que a comezos de curso, se estableza.

Dado que é un aula na que existen equipos informáticos fixos deben establecerse unhas normas de entrada, emprego e saída da mesma.

ENTRADA NA AULA

- Deberá facerse de forma ordenada e tranquila.
- Cada un dos **alumnos/as ocupará un ordenador** que o mestre/a considere, e farao **para o resto do curso**, salvo que dito mestre estableza outra cousa.
- **Toda a clase permanecerá sentada á espera de intrucións antes de encender ningún equipo.**
- O encendido e apagado dos ordenadores faráse por orde do mestre/a.

AURICULARES

Os auriculares están situados nas perchas que se sitúan ao fondo da aula. Están colocados de forma que os cables quedan colgando nunha medida apropiada para o seu uso polo que non se debe quitar a cinta que os amarra nin nos cables, nin nos micrófonos.

Igual que hai un protocolo de entrada, debemos ter un protocolo para o reparto e recollida dos cascos, xa que estos son elementos que se estragan con facilidade.

Así pois:

- Se a actividade require de áudio **repartiranse cascos de forma ordenada**. Por cada fila haberá un **encargado que será o que se levante a recoller os cascos**, estando o **resto de alumnos sentados** agardando.
- Á hora de entregar os cascos será o **mestre** o responsable de entregarllos aos encargados **observando o estado dos cascos no momento da entrega**.
- Os encargados levarán os cascos na man procurando non enlear os cables nin arrastralos para evitar pisalos.
- Cada alumno/a será o encargado de enchufar os seus auriculares tendo en conta as instrucións do mestre.
- Se precisamos **regular o volume** do áudio farémolo **na roda dos auriculares e xamais a regulamos no áudio do ordenador**, xa que os alumnos mais pequenos non son capaces a controlar o volume no ordenador pero sí que son capaces de facelo nos propios auriculares. Somos bos compañeiros/as e non entorpecemos a labor dos outros.
- Cando rematamos a actividade desconectamos os auriculares do ordenador e entregamosllo ao encargado da fila sen erguermos do sitio.
- A **extracción dos auriculares faráse tirando da parte ríxida** e non do cable, para evitar que co tempo se desgasten polo uso.
- O encargado de fila entrega os cascos ao mestre que revisará que se entregan en perfecto estado.
- Por suposto **está prohibido morder, retorcer ou calqueira comportamento indebido con respecto a este material**. No caso de deterioro producido de forma voluntaria tomaranse as medidas disciplinarias apropiadas (retirada de puntos de carnet,...) e contempladas no RRI do centro.

ACTIVIDADES DENTRO DA AULA

A aula de informática é un espazo máis do centro e como tal debemos cumprir as mesmas normas que no resto do centro, pero ademais debemos ter en conta que, debido ao tipo de actividade que desempeñamos nela, temos que ter unhas normas máis específicas na mesma:

- Realizaremos as actividades que se nos indican e no caso de empregar internet visitaremos as páxinas indicadas polo mestre/a e evitaremos aquelas que non son apropiadas ou inadecuadas.
- No caso de empregar os blogues de aula aproveitamos os xogos ou actividades educativas que conteñen os mesmos, xa que a entrada en páxinas que non se indican tamén pode contemplar medidas disciplinarias.

APAGADO DOS ORDENADORES

Tendo en conta que somos moitas as aulas que empregamos os ordenadores procuraremos que os equipos nos duren o máximo posible. **O encendido e apagado constante é contraproducente para os equipos e por iso debemos mirar o horario de informática** que estará na porta para deixar os ordenadores acesos cando haxa outro grupo despois do noso.

Se o noso grupo é o último en empregar a aula apagaremos os equipos completamente, as pantallas tamén.

No caso de que non estemos seguros de que algún grupo faga uso da aula, a pesares de estar no horario, non custa nada preguntar e chegar a un acordo cos mestres que van antes ou despois de nós. Non só axudamos a manter os equipos tamén aforramos enerxía.

PIZARRA DIXITAL

A **pizarra dixital non é un xoguete**, é un instrumento de traballo con moitas posibilidades. Os mestres debemos insistir en isto aos nosos alumnos/as e conciencialos de que a coiden e sobre todo que teñan moito coidado cos lapis e o borrador que se atopan na mesma.

Diante da pizarra temos unha pequena plataforma para que os rapaces máis pequenos sexan capaces de acceder ao máis alto. Dita plataforma tampouco é un xoguete é un recurso máis.

INCIDENCIAS

Cando teñamos unha incidencia na aula de informática (non hai conexión a internet, actualizacións pendentes...) poñerémolo en coñecemento do coordinador/a abalar de forma oral ou escrita (deixando anotada a incidencia na mesa do ordenador do mestre).

SAÍDA DA AULA DE INFORMÁTICA

Farémolo igual que entramos de forma ordenada e comprobando que non quedan auriculares conectados e que todos os equipos estén apagados, se procede.

ANEXO 3: Protocolo de emprego do uso dos ordenadores da sala de recursos para mestres.

Contamos cunha sala de recursos con ordenadores para o traballo do profesorado. Esta sala está destinada, como norma xeral, para o uso exclusivo do profesorado, xa que para cubrir desdobres contamos con ordenadores na biblioteca e a aula de informática.

Nesta sala contamos con ordenadores, impresoras e escáner. Debemos facer un uso responsable dos mesmos polo que debemos ter en conta unha serie de aspectos para mellorar o seu rendemento:

- Todo o material que se atopa nesta sala está destinado ao **traballo** para dos mestres de **carácter profesional**.
- Dado que somos un centro cun claustro numeroso debemos facer bo uso dos recursos e **imprimir só o que realmente é necesario**.
- Continuando co punto anterior, **non lle damos a imprimir varias veces cando a impresora non funciona**, debemos cancelar os documentos pendentes, tal e como se indica nas instrucións con que conta a sala. Se precisamos imprimir algo de menos importancia, podemos empregar a configuración de aforro de tinta da impresora.
- **No caso de que se rematen os cartuchos** de tinta ou tóner **poñémolo en coñecemento do equipo directivo** que será o encargado de proporcionar os recambios necesarios.
- Cando exista **algún problema técnico** cos ordenadores tamén o poñemos en coñecemento do equipo directivo para que se tomen as directrices oportunas.
- Os ordenadores son de uso de todo o profesorado, polo que os **ordenadores non están destinados a mestres concretos**, se precisades gardar documentos, empregade as memorias usb.
- Esta sala é o lugar, en moitos casos, **para as avaliacións** polo que durante eses días **a sala debe permanecer a disposición exclusiva do equipo que avalía**.